



IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA

PROGRAMACIÓN D I D Á C T I C A

DA MATERIA / ÁREA DE:

Educación Plástica, Visual e Audiovisual

DEPARTAMENTO

NIVEL

CURSO

DEBUXO

BACHARELATO

1º

Muros
Curso 2021 - 2022

Índice:

1. Introducción e contextualización	4
2. Contribución dos estándares de aprendizaxe avaliados ao desenvolvemento das competencias clave	6
3. Obxectivos da materia	29
4. Desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe: temporalización, mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación	32
5. Metodoloxía	50
6. Materiais e recursos didácticos	51
7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado:	52
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente	56
9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes:	60
10. Procedementos para acreditar coñecementos necesarios en determinadas materias (só para bacharelato)	60
11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar	61
12. Medidas de atención á diversidade	61
13. Elementos transversais	62
14. Actividades complementarias e extraescolares	64
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da propia programación	65
16. Accións de contribución ao proxecto lector	65
17. Accións de contribución ao proxecto TIC	66
18. Accións de contribución ao plan de convivencia	67
19. Información ao alumnado e ás familias	68

NOTA: Facer CLIC sobre cada epígrafe para ir ao apartado correspondente.

1. Introducción e contextualización

"O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior."

O estudo do debuxo técnico ten esta finalidade propedéutica da etapa xeral para aqueles estudos superiores que requiran as destrezas, coñecementos e competencias en xeral que inclúan a representación do mundo tridimensional nun soporte plano, como son os estudos de deseño, enxeñería, arquitectura, etc. Tamén é útil noutros estudos relacionados coa comprensión e creación de comunicación codificada e normalizada, visión espacial, planificación de proxectos, e visualización de ideas en xeral.

Entre as finalidades de Debuxo Técnico figura de xeito específico dotar o alumnado das competencias necesarias para se poder comunicar graficamente con obxectividade nun mundo cada vez máis complexo, que require do deseño e da fabricación de produtos que resolvan as necesidades presentes e futuras. Esta función comunicativa, grazas ao acordo dunha serie de convencións a escala nacional, comunitaria e internacional, permítenos transmitir, interpretar e comprender ideas ou proxectos de maneira fiable, obxectiva e inequívoca.

O debuxo técnico, xa que logo, emprégase como medio de comunicación en calquera proceso de investigación ou proxecto que se valla dos aspectos visuais das ideas e das formas para visualizar o que se estea a deseñar e, de ser o caso, definir dun xeito claro e exacto o que se desexa producir; é dicir, como linguaxe universal nos seus dous niveis de comunicación: comprender ou interpretar a información codificada, e expresarse ou elaborar información comprensible polas persoas destinatarias.

O alumnado, ao adquirir competencias específicas na interpretación de documentación

gráfica elaborada de acordo coa norma nos sistemas de representación convencionais, pode coñecer mellor o mundo. Isto require, ademais do coñecemento das principais normas de debuxo, un desenvolvemento avanzado da súa visión espacial, entendida como a capacidade de abstracción para, por exemplo, visualizar ou imaxinar obxectos tridimensionais representados mediante imaxes planas.

Ademais de comprender a complexa información gráfica que nos rodea, cómpre que o estudante aborde a representación de espazos ou obxectos de calquera tipo e elabore documentos técnicos normalizados que plasmen as súas ideas e os seus proxectos, relacionados tanto co deseño gráfico como coa ideación de espazos arquitectónicos ou coa fabricación artesanal ou industrial de pezas e conxuntos.

Durante o primeiro curso trabállase coas competencias relacionadas co debuxo técnico como linguaxe de comunicación e instrumento básico para a comprensión, análise e representación da realidade. Para isto, introdúcese gradualmente e de xeito interrelacionado tres grandes bloques: "Xeometría e debuxo técnico", "Sistemas de representación" e "Normalización".

No primeiro bloque, desenvólvense durante os dous cursos que compoñen esta etapa os elementos necesarios para resolver problemas de configuración de formas, ao tempo que se analiza a súa presenza na natureza e na arte ao longo da historia, e as súas aplicacións ao mundo científico e técnico.

De maneira análoga, o bloque dedicado aos sistemas de representación desenvolve os fundamentos, as características e as aplicacións das axonometrías, das perspectivas cónicas e dos sistemas diédrico e de planos cotados. Este bloque débese abordar de xeito integrado para permitir descubrir as relacións entre sistemas e as vantaxes e os inconvenientes de cada un. Ademais, é conveniente potenciar a utilización do debuxo a man alzada como ferramenta de comunicación de ideas e análise de problemas de representación.

O terceiro bloque (sobre a normalización) pretende dotar o/a estudante dos procedementos para simplificar, unificar e obxectivar as representacións gráficas. Este bloque está nomeadamente relacionado co proceso de elaboración de proxectos, obxecto do derradeiro bloque.

2. Contribución dos estándares de aprendizaxe avaliados ao desenvolvemento das competencias clave

Trala relación das competencias clave do sistema educativo español recóllense os estándares de aprendizaxe aplicable a cadansúa competencia. Despois recóllese a descrición das competencias segundo se publicaron na Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro.

A carón de cadansúa competencia aparece o porcentaxe da mesma adicado a avaliación por competencias nesta materia e nivel.

1. CCL Comunicación lingüística 15 %
2. CMCCT Comp. Matem. e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía 20%
3. CD Competencia dixital 5%
4. CAA Aprender a aprender 20%
5. CSC Competencias sociais e cívicas 5%
6. CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor 25%
7. CCEC Conciencia e expresións culturais 10%

Descrición das competencias

1. Comunicación lingüística CCL

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e

a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Estas situacións e prácticas poden implicar o uso dunha ou de varias linguas, en diversos ámbitos e de maneira individual ou colectiva. Para isto o individuo dispón do seu repertorio plurilingüe, parcial, pero axustado ás experiencias comunicativas que experimenta ao longo da vida. As linguas que utiliza puideron ter vías e tempos distintos de adquisición e constituír, por tanto, experiencias de aprendizaxe de lingua materna ou de linguas estranxeiras ou adicionais.

Esta visión da competencia en comunicación lingüística vinculada con prácticas sociais determinadas ofrece unha imaxe do individuo como axente comunicativo que produce, e non só recibe, mensaxes a través das linguas con distintas finalidades. Valorar a relevancia desta afirmación na toma de decisións educativas supón optar por metodoloxías activas de aprendizaxe (aprendizaxe baseada en tarefas e proxectos, en problemas, en retos, etcétera), xa sexan estas na lingua materna dos estudantes, nunha lingua adicional ou nunha lingua estranxeira, fronte a opcións metodolóxicas máis tradicionais.

Ademais, a competencia en comunicación lingüística representa unha vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural que implica un factor de enriquecemento para a propia competencia e que adquire unha particular relevancia no caso das linguas estranxeiras. Por tanto, un enfoque intercultural no ensino e na aprendizaxe das linguas implica unha importante contribución ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística do alumnado.

Esta competencia é, por definición, sempre parcial e constitúe un obxectivo de aprendizaxe permanente ao longo de toda a vida. Por isto, para que se produza unha aprendizaxe satisfactoria das linguas é determinante que se promovan uns contextos de uso de linguas ricos e variados, en relación coas tarefas que se deben realizar e os seus posibles interlocutores, textos e intercambios comunicativos.

A competencia en comunicación lingüística é extremadamente complexa. Baséase, en primeiro lugar, no coñecemento do compoñente lingüístico. Pero, ademais, como se produce e desenvolve en situacións comunicativas concretas e contextualizadas, o individuo necesita activar o seu coñecemento do compoñente pragmático-discursivo e sociocultural.

Esta competencia precisa da interacción de distintas destrezas, xa que se produce en múltiples modalidades de comunicación e en diferentes soportes. Desde a oralidade e a escritura até as formas máis sofisticadas de comunicación audiovisual ou mediada pola tecnoloxía, o individuo participa dun complexo entramado de posibilidades comunicativas grazas ás cales expande a súa competencia e a súa capacidade de interacción con outros individuos. Por isto, esta diversidade de modalidades e soportes require dunha alfabetización máis complexa, recollida no concepto de alfabetizacións múltiples, que permita ao individuo a súa participación como cidadán activo.

A competencia en comunicación lingüística é tamén un instrumento fundamental para a socialización e o aproveitamento da experiencia educativa, por ser unha vía privilexiada de acceso ao coñecemento dentro e fóra da escola. Do seu desenvolvemento depende, en boa medida, que se produzan distintos tipos de aprendizaxe en distintos contextos, formais, informais e non formais. Neste sentido, é especialmente relevante no contexto escolar a consideración da lectura como destreza básica para a ampliación da competencia en comunicación lingüística e a aprendizaxe. Así, a lectura é a principal vía de acceso a todas as áreas, polo que o contacto cunha diversidade de textos resulta fundamental para acceder ás fontes orixinais do saber. Por isto, onde manifesta a súa importancia de forma máis patente é no desenvolvemento das destrezas que conducen ao coñecemento dos textos literarios, non só na súa consideración como canon artístico ou na súa valoración como parte do patrimonio cultural, senón sobre todo, e principalmente, como fonte de desfrute e aprendizaxe ao longo da vida.

Desde esta perspectiva, é recomendable que o centro educativo sexa a unidade de acción para o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística. Neste sentido, actuacións como o deseño dun proxecto lingüístico de centro que forme parte do propio proxecto educativo de centro, un plan lector ou unhas estratexias para o uso da biblioteca escolar como espazo de aprendizaxe e desfrute permiten un tratamento máis global e eficaz da competencia en comunicación lingüística nos termos aquí expresados. A competencia en comunicación lingüística inscríbese nun marco de actitudes e valores que o individuo pon en funcionamento: o respecto ás normas de convivencia; o exercicio activo da cidadanía; o desenvolvemento dun espírito crítico; o respecto aos dereitos humanos e o pluralismo; a concepción do diálogo como ferramenta primordial para a convivencia, a resolución de conflitos e o desenvolvemento das capacidades afectivas en todos os ámbitos; unha actitude de curiosidade, interese e creatividade cara á aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia (lectura, conversa, escritura, etcétera) como fontes de pracer relacionadas co desfrute persoal e cuxa promoción e práctica son tarefas esenciais no reforzo da motivación cara á aprendizaxe.

En resumo, para o adecuado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para isto, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións en que se concretan:

- O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica, entendida esta como a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua.
- O compoñente pragmático-discursivo comprende tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de

interacción), e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).

– O compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.

– O compoñente estratéxico permite ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; así mesmo, tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.

– Por último, a competencia en comunicación lingüística inclúe un compoñente persoal que intervén na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

2. Competencia matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía CMCCT

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía inducen e fortalecen algúns aspectos esenciais da formación das persoas que resultan fundamentais para a vida nunha sociedade onde o impacto das matemáticas, as ciencias e as tecnoloxías é determinante, a consecución e sustentabilidade do benestar social exige condutas e toma de decisións persoais estreitamente vinculadas á capacidade crítica e á visión razoada e razoable das persoas. A isto contribúen a competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

a) A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu

contexto.

A competencia matemática require de coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, así como das operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos, xa sexan persoais, sociais, profesionais ou científicos, así como para emitir xuízos fundados e seguir cadeas argumentais na realización de cálculos, a análise de gráficos e representacións matemáticas e a manipulación de expresións alxébricas, incorporando os medios dixitais cando sexa oportuno. Forma parte desta destreza a creación de descrições e explicacións matemáticas que levan implícitas a interpretación de resultados matemáticos e a reflexión sobre a súa adecuación ao contexto, ao igual que a determinación de se as solucións son adecuadas e teñen sentido na situación en que se presentan.

Trátase, por tanto, de recoñecer o papel que desempeñan as matemáticas no mundo e utilizar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicarlos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida. A activación da competencia matemática supón que o aprendiz é quen de establecer unha relación profunda entre o coñecemento conceptual e o coñecemento procedemental, implicados na resolución dunha tarefa matemática determinada.

A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade.

Así pois, para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, á álgebra, á xeometría e á estatística, interrelacionadas de formas diversas:

– A cantidade: esta noción incorpora a cuantificación dos atributos dos obxectos, as

relacións, as situacións e as entidades do mundo, interpretando distintas representacións de todas elas e xulgando interpretacións e argumentos. Participar na cuantificación do mundo supón comprender as medicións, os cálculos, as magnitudes, as unidades, os indicadores, o tamaño relativo e as tendencias e patróns numéricos.

– O espazo e a forma: inclúen unha ampla gama de fenómenos que se encontran no noso mundo visual e físico: patróns, propiedades dos obxectos, posicións, direccións e representacións deles; decodificación e codificación de información visual, así como navegación e interacción dinámica con formas reais, ou con representacións. A competencia matemática, neste sentido, inclúe unha serie de actividades como a comprensión da perspectiva, a elaboración e lectura de mapas, a transformación das formas con e sen tecnoloxía, a interpretación de vistas de escenas tridimensionais desde distintas perspectivas e a construción de representacións de formas.

– O cambio e as relacións: o mundo desprega multitude de relacións temporais e permanentes entre os obxectos e as circunstancias, onde os cambios se producen dentro de sistemas de obxectos interrelacionados. Ter máis coñecementos sobre o cambio e as relacións supón comprender os tipos fundamentais de cambio e cando teñen lugar, co fin de utilizar modelos matemáticos adecuados para describilo e predicilo.

– A incerteza e os datos: son un fenómeno central da análise matemática presente en distintos momentos do proceso de resolución de problemas no cal resulta clave a presentación e interpretación de datos. Esta categoría inclúe o recoñecemento do lugar da variación nos procesos, a posesión dun sentido de cuantificación desa variación, a admisión de incerteza e erro nas medicións e os coñecementos sobre o azar. Así mesmo, comprende a elaboración, interpretación e valoración das conclusións extraídas en situacións onde a incerteza e os datos son fundamentais.

b) As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un acercamento ao mundo físico e á interacción responsable con el desde accións, tanto

individuais como colectivas, orientadas á conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e o mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico, pois inclúen a aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas, que conducen á adquisición de coñecementos, á contrastación de ideas e á aplicación dos descubrimentos ao benestar social.

As competencias en ciencia e tecnoloxía capacitan cidadáns responsables e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias deben capacitar, basicamente, para identificar, formular e resolver situacións da vida cotiá – persoal e social– analogamente a como se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resulta necesario abordar os saberes ou coñecementos científicos relativos á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía, os cales derivan de conceptos, procesos e situacións interconectadas.

Requírese, igualmente, o fomento de destrezas que permitan utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, así como utilizar datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo; é dicir, identificar preguntas, resolver problemas, chegar a unha conclusión ou tomar decisións baseadas en probas e argumentos.

Así mesmo, estas competencias inclúen actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica e a valoración do coñecemento científico; así como o sentido da responsabilidade en relación coa conservación dos recursos naturais e coas cuestións ambientais e coa adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudable nun contorno natural e social.

Os ámbitos que se deben abordar para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son:

- Sistemas físicos: asociados ao comportamento das substancias no ámbito fisicoquímico. Sistemas rexidos por leis naturais descubertas a partir da experimentación científica orientada ao coñecemento da estrutura última da materia, que repercute nos sucesos observados e descritos desde ámbitos específicos e complementarios: mecánicos, eléctricos, magnéticos, luminosos, acústicos, caloríficos, reactivos, atómicos e nucleares. Todos eles considerados en si mesmos e en relación cos seus efectos na vida cotiá, nas súas aplicacións á mellora de instrumentos e ferramentas, na conservación da natureza e na facilitación do progreso persoal e social.
- Sistemas biolóxicos: propios dos seres vivos dotados dunha complexidade orgánica que é preciso coñecer para preservalos e evitar a súa deterioración. Forma parte esencial desta dimensión competencial o coñecemento de canto afecta a alimentación, hixiene saúde individual e colectiva, así como a habituación a condutas e adquisición de valores responsables para o ben común inmediato e do planeta na súa globalidade.
- Sistemas da Terra e do Espazo: desde a perspectiva xeolóxica e cosmogónica. O coñecemento da historia da Terra e dos procesos que desembocaron na súa configuración actual son necesarios para identificarnos coa nosa propia realidade: que somos, de onde vimos e cara a onde podemos e debemos ir. Os saberes xeolóxicos, unidos aos coñecementos sobre a produción agrícola, gandeira, marítima, mineira e industrial, proporcionan, ademais de formación científica e social, valoracións sobre as riquezas do noso planeta que se deben defender e acrecentar. Así mesmo, o coñecemento do espazo exterior, do Universo do que formamos parte, estimula un dos compoñentes esenciais da actividade científica: a capacidade de asombro e a admiración ante os feitos naturais.
- Sistemas tecnolóxicos: derivados, basicamente, da aplicación dos saberes científicos

aos usos cotiáns de instrumentos, máquinas e ferramentas e ao desenvolvemento de novas tecnoloxías asociadas ás revolucións industriais, que foron mellorando o desenvolvemento dos pobos. Son compoñentes básicos desta competencia: coñecer a produción de novos materiais, o deseño de aparellos industriais, domésticos e informáticos, así como a súa influencia na vida familiar e laboral.

Complementando os sistemas de referencia enumerados e promovendo accións transversais a todos eles, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require, de maneira esencial, a formación e práctica nos seguintes dominios:

– Investigación científica: como recurso e procedemento para alcanzar os coñecementos científicos e tecnolóxicos logrados ao longo da historia. O acercamento aos métodos propios da actividade científica –proposta de preguntas, busca de solucións, indagación de camiños posibles para a resolución de problemas, contraste de pareceres, deseño de probas e experimentos, aproveitamento de recursos inmediatos para a elaboración de material con fins experimentais e a súa adecuada utilización– non só permite a aprendizaxe de destrezas en ciencias e tecnoloxías, senón que tamén contribúe á adquisición de actitudes e valores para a formación persoal: atención, disciplina, rigor, paciencia, limpeza, serenidade, atrevemento, risco e responsabilidade, etcétera.

– Comunicación da ciencia: para transmitir adecuadamente os coñecementos, achados e procesos. O uso correcto da linguaxe científica é unha exixencia crucial desta competencia: expresión numérica, manexo de unidades, indicación de operacións, toma de datos, elaboración de táboas e gráficos, interpretación destes, secuenciación da información, dedución de leis e a súa formalización matemática. Tamén é esencial nesta dimensión competencial a unificación da linguaxe científica como medio para procurar o entendemento, así como o compromiso de aplicalo e respectalo nas comunicacións científicas.

3. Competencia dixital CD

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empregabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade.

Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nun contorno dixital. Require de coñecementos relacionados coa linguaxe específica básica: textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora, así como as súas pautas de decodificación e transferencia.

Isto comporta o coñecemento das principais aplicacións informáticas. Supón tamén o acceso ás fontes e o procesamento da información, e o coñecemento dos dereitos e as liberdades que asisten as persoas no mundo dixital. Igualmente, precisa do desenvolvemento de diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e uso para a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto en contextos formais como non formais e informais. A persoa debe ser quen de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles co fin de resolver os problemas reais dun modo eficiente, así como avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas, a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

A adquisición desta competencia require, ademais, actitudes e valores que permitan ao usuario adaptarse ás novas necesidades establecidas polas tecnoloxías, a súa apropiación e adaptación aos propios fins e a capacidade de interaccionar socialmente arredor delas. Trátase de desenvolver unha actitude activa, crítica e realista cara ás tecnoloxías e os medios tecnolóxicos, valorando as súas fortalezas e debilidades e

respectando principios éticos no seu uso. Por outra parte, a competencia dixital implica a participación e o traballo colaborativo, así como a motivación e a curiosidade pola aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías.

Por tanto, para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar:

– A información: isto comporta a comprensión de como se xestiona a información e de como se pon á disposición dos usuarios, así como o coñecemento e manexo de diferentes motores de busca e bases de datos, sabendo elixir aqueles que responden mellor ás propias necesidades de información.

– Igualmente, supón saber analizar e interpretar a información que se obtén, cotexar e avaliar o contido dos medios de comunicación en función da súa validez, fiabilidade e adecuación entre as fontes, tanto en liña como fora de liña

. E por último, a competencia dixital supón saber transformar a información en coñecemento a través da selección apropiada de diferentes opcións de almacenamento.

– A comunicación: supón tomar conciencia dos diferentes medios de comunicación dixital e de varios paquetes de software de comunicación e do seu funcionamento, así como os seus beneficios e carencias en función do contexto e dos destinatarios. Ao mesmo tempo, implica saber que recursos se poden compartir publicamente e o valor que teñen, é dicir, coñecer de que maneira as tecnoloxías e os medios de comunicación poden permitir diferentes formas de participación e colaboración para a creación de contidos que produzan un beneficio común. Isto supón o coñecemento de cuestións éticas como a identidade dixital e as normas de interacción dixital.

– A creación de contidos: implica saber como os contidos dixitais se poden realizar en diversos formatos (texto, audio, vídeo, imaxes), así como identificar os programas/aplicacións que mellor se adaptan ao tipo de contido que se quere crear.

Supón tamén a contribución ao coñecemento de dominio público (wikis, foros públicos,

revistas), tendo en conta as normativas sobre os dereitos de autor e as licenzas de uso e publicación da información.

– A seguridade: implica coñecer os distintos riscos asociados ao uso das tecnoloxías e de recursos en liña e as estratexias actuais para evitalos, o que supón identificar os comportamentos adecuados no ámbito dixital para protexer a información, propia e doutras persoas, así como coñecer os aspectos aditivos das tecnoloxías.

– A resolución de problemas: esta dimensión supón coñecer a composición dos dispositivos dixitais, os seus potenciais e as súas limitacións en relación coa consecución de metas persoais, así como saber onde buscar axuda para a resolución de problemas teóricos e técnicos, o que implica unha combinación heteroxénea e ben equilibrada das tecnoloxías dixitais e non dixitais máis importantes nesta área de coñecemento.

4. Aprender a aprender CAA

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais.

Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto exige, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender.

Esta motivación depende de que se xere a curiosidade e a necesidade de aprender, de que o estudante se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a alcanzar as metas de aprendizaxe propostas e, con isto, que se produza nel unha percepción de autoeficacia. Todo o anterior contribúe a motivalo para abordar futuras tarefas de aprendizaxe.

En segundo lugar, en canto á organización e xestión da aprendizaxe, a competencia de aprender a aprender require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe para axustalos aos tempos e ás demandas das tarefas e actividades que conducen á

aprendizaxe. A competencia de aprender a aprender desemboca nunha aprendizaxe cada vez máis eficaz e autónoma.

Esta competencia inclúe unha serie de coñecementos e destrezas que requiren a reflexión e a toma de conciencia dos propios procesos de aprendizaxe. Así, os procesos de coñecemento convértense en obxecto do coñecemento e, ademais, hai que aprender a executalos adecuadamente.

Aprender a aprender inclúe coñecementos sobre os procesos mentais implicados na aprendizaxe (como se aprende). Ademais, esta competencia incorpora o coñecemento que posúe o estudante sobre o seu propio proceso de aprendizaxe que se desenvolve en tres dimensións: a) o coñecemento que ten acerca do que sabe e descoñece, do que é quen de aprender, do que lle interesa, etcétera; b) o coñecemento da disciplina en que se localiza a tarefa de aprendizaxe e o coñecemento do contido concreto e das demandas da tarefa mesma, e c) o coñecemento sobre as distintas estratexias posibles para afrontar a tarefa.

Todo este coñecemento tradúcese en destrezas de autorregulación e control inherentes á competencia de aprender a aprender, que se concretan en estratexias de planificación nas cales se reflicte a meta de aprendizaxe que se persegue, así como o plan de acción que se ten previsto aplicar para alcanzala; estratexias de supervisión desde as que o estudante vai examinando a adecuación das accións que está desenvolvendo e a aproximación á meta, e estratexias de avaliación desde as cales se analiza tanto o resultado como do proceso que se levou a cabo. A planificación, supervisión e avaliación son esenciais para desenvolver aprendizaxes cada vez máis eficaces. Todas elas inclúen un proceso reflexivo que permite pensar antes de actuar (planificación), analizar o curso e o axuste do proceso (supervisión) e consolidar a aplicación de bos plans ou modificar os que resultan incorrectos (avaliación do resultado e do proceso). Estas tres estratexias deberíanse potenciar nos procesos de aprendizaxe e de resolución de problemas en que

participan os estudantes.

Aprender a aprender maniféstase tanto individualmente como en grupo. En ambos os casos o dominio desta competencia iníciase cunha reflexión consciente acerca dos procesos de aprendizaxe a que se entrega un mesmo ou o grupo. Non só son os propios procesos de coñecemento, senón que, tamén, o modo en que os demais aprenden se converte en obxecto de escrutinio. De aí que a competencia de aprender a aprender se adquira tamén no contexto do traballo en equipo. Os profesores deben procurar que os estudantes sexan conscientes do que fan para aprender e busquen alternativas. Moitas veces estas alternativas póñense de manifesto cando se trata de pescudar que é o que fan os demais en situacións de traballo cooperativo.

Respecto ás actitudes e valores, a motivación e a confianza son cruciais para a adquisición desta competencia. Ambas se potencian desde a formulación de metas realistas a curto, medio e longo prazo. Ao alcanzarse as metas aumenta a percepción de autoeficacia e a confianza, e con isto elévanse os obxectivos de aprendizaxe de forma progresiva. As persoas deben ser quen de apoiarse en experiencias vitais e de aprendizaxe previas co fin de utilizar e aplicar os novos coñecementos e capacidades noutros contextos, como os da vida privada e profesional, a educación e a formación. Saber aprender nun determinado ámbito implica ser quen de adquirir e asimilar novos coñecementos e chegar a dominar capacidades e destrezas propias do dito ámbito. Na competencia de aprender a aprender pode haber unha certa transferencia de coñecemento dun campo a outro, aínda que saber aprender nun ámbito non significa necesariamente que se saiba aprender noutro. Por isto, a súa adquisición débese levar a cabo no marco do ensino das distintas áreas e materias do ámbito formal, e tamén dos ámbitos non formal e informal.

Poderíase concluír que para o adecuado desenvolvemento da competencia de aprender a aprender se require dunha reflexión que favoreza un coñecemento dos procesos mentais

a que se entregan as persoas cando aprenden, un coñecemento sobre os propios procesos de aprendizaxe, así como o desenvolvemento da destreza de regular e controlar a propia aprendizaxe que se leva a cabo.

5. Competencias sociais e cívicas CSC

As competencias sociais e cívicas implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

Ademais de incluír accións a un nivel máis próximo e mediato ao individuo como parte dunha implicación cívica e social. Trátase, polo tanto, de unir o interese por afondar e garantir a participación no funcionamento democrático da sociedade, tanto no ámbito público como privado, e preparar as persoas para exercer a cidadanía democrática e participar plenamente na vida cívica e social grazas ao coñecemento de conceptos e estruturas sociais e políticas e ao compromiso de participación activa e democrática.

a) A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Exixe entender o modo en que as persoas poden procurar un estado de saúde física e mental óptimo, tanto para elas mesmas como para as súas familias e para o seu contorno social próximo, e saber como un estilo de vida saudable pode contribuir a isto.

Para poder participar plenamente nos ámbitos social e interpersonal é fundamental adquirir os coñecementos que permitan comprender e analizar de maneira crítica os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornos, así como as súas tensións e procesos de cambio. A mesma importancia ten coñecer os conceptos

básicos relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, á igualdade e á non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, á sociedade e á cultura. Así mesmo, é esencial comprender as dimensións intercultural e socioeconómica das sociedades europeas e percibir as identidades culturais e nacionais como un proceso sociocultural dinámico e cambiante en interacción coa europea, nun contexto de crecente globalización.

Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de comunicarse dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía. As persoas deben ser quen de xestionar un comportamento de respecto ás diferenzas expresado de maneira construtiva.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade. As persoas débense interesar polo desenvolvemento socioeconómico e pola súa contribución a un maior benestar social de toda a poboación, así como pola comunicación intercultural, a diversidade de valores e o respecto ás diferenzas, ademais de estar dispostas a superaren os prexuízos e a comprometérense neste sentido.

b) A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, na Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional. Isto inclúe o coñecemento dos acontecementos contemporáneos, así como dos acontecementos máis destacados e das principais tendencias nas historias nacional, europea e mundial, así como a comprensión dos procesos sociais e culturais de carácter migratorio que implican a existencia de

sociedades multiculturais no mundo globalizado.

As destrezas desta competencia están relacionadas coa habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público e para manifestar solidariedade e interese por resolver os problemas que afecten o contorno escolar e a comunidade, xa sexa local ou máis ampla. Comporta a reflexión crítica e creativa e a participación construtiva nas actividades da comunidade ou do ámbito mediato e inmediato, así como a toma de decisións nos contextos local, nacional ou europeo e, en particular, mediante o exercicio do voto e da actividade social e cívica.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, sexa cal sexa o sistema de valores adoptado. Tamén inclúe manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos. A participación construtiva inclúe tamén as actividades cívicas e o apoio á diversidade e cohesión sociais e ao desenvolvemento sustentable, así como a vontade de respectar os valores e a intimidade dos demais e a recepción reflexiva e crítica da información procedente dos medios de comunicación.

Por tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender e entender as experiencias colectivas e a organización e funcionamento do pasado e presente das sociedades, a realidade social do mundo en que se vive, os seus conflitos e as motivacións destes, os elementos que son comúns e os que son diferentes, así como os espazos e territorios en que se desenvolve a vida dos grupos humanos, e os seus logros e problemas, para comprometerse persoal e colectivamente na súa mellora, participando así de maneira activa, eficaz e construtiva na vida social e profesional.

Así mesmo, estas competencias incorporan formas de comportamento individual que

capacitan as persoas para convivir nunha sociedade cada vez máis plural, dinámica, cambiante e complexa para relacionárense cos demais; cooperar, comprometerse e afrontar os conflitos e propor activamente perspectivas de afrontamento, así como tomar perspectiva, desenvolver a percepción do individuo en relación coa súa capacidade para influír no social e elaborar argumentacións baseadas en evidencias.

Adquirir estas competencias supón ser quen de se pór no lugar do outro, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor CSIEE

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Isto significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Esta competencia está presente nos ámbitos persoal, social, escolar e laboral nos cales se desenvolven as persoas, permitíndolles levar a cabo as súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe, igualmente, o alicerce doutras capacidades e coñecementos máis específicos, e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento. Neste sentido, a súa formación debe incluír coñecementos e destrezas relacionados coas oportunidades de carreira e o mundo do traballo, a educación económica e financeira ou o coñecemento da organización e os procesos empresariais, así como o desenvolvemento de actitudes que comporten un cambio de mentalidade que favoreza a iniciativa emprendedora, a capacidade de pensar de forma creativa, de xestionar o risco e de manexar a incerteza.

Estas habilidades resultan moi importantes para favorecer o nacemento de emprendedores sociais, como os denominados intraemprendedores (emprendedores que traballan dentro de empresas ou organizacións que non son súas), así como de futuros empresarios.

Entre os coñecementos que require a competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais. Tamén inclúe aspectos de maior amplitude que proporcionan o contexto en que as persoas viven e traballan, tales como a comprensión das liñas xerais que rexen o funcionamento das sociedades e as organizacións sindicais e empresariais, así como as económicas e financeiras; a organización e os procesos empresariais; o deseño e a implementación dun plan (a xestión de recursos humanos e/ou financeiros); así como a postura ética das organizacións e o coñecemento de como estas poden ser un impulso positivo, por exemplo, mediante o comercio xusto e as empresas sociais.

Así mesmo, esta competencia require das seguintes destrezas ou habilidades esenciais: capacidade de análise; capacidades de planificación, organización, xestión e toma de decisións; capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas; comunicación, presentación, representación e negociación efectivas; habilidade para traballar, tanto individualmente como dentro dun equipo; participación, capacidade de liderado e delegación; pensamento crítico e sentido da responsabilidade; autoconfianza, avaliación e autoavaliación, xa que é esencial determinar os puntos fortes e débiles dun mesmo e dun proxecto, así como avaliar e asumir riscos cando estea xustificado (manexo da incerteza e asunción e xestión do risco).

Finalmente, require o desenvolvemento de actitudes e valores como: a predisposición a actuar dunha forma creadora e imaxinativa; o autocoñecemento e a autoestima; a autonomía ou independencia, o interese e esforzo e o espírito emprendedor.

Caracterízase pola iniciativa, a pro-actividade e a innovación, tanto na vida privada e social como na profesional. Tamén está relacionada coa motivación e a determinación á hora de cumprir os obxectivos, xa sexan persoais ou establecidos en común con outros, incluído o ámbito laboral.

Así pois, para o adecuado desenvolvemento da competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor resulta necesario abordar:

- A capacidade creadora e de innovación: creatividade e imaxinación; autoconñecemento e autoestima; autonomía e independencia; interese e esforzo; espírito emprendedor; iniciativa e innovación.
- A capacidade pro-activa para xestionar proxectos: capacidade de análise; planificación, organización, xestión e toma de decisións; resolución de problemas; habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo; sentido da responsabilidade; avaliación e autoavaliación.
- A capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza: comprensión e asunción de riscos; capacidade para xestionar o risco e manexar a incerteza.
- As calidades de liderado e traballo individual e en equipo: capacidade de liderado e delegación; capacidade para traballar individualmente e en equipo; capacidade de representación e negociación.
- Sentido crítico e da responsabilidade: sentido e pensamento crítico; sentido da responsabilidade.

7. Conciencia e expresións culturais CCEC

A competencia en conciencia e expresión cultural implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e disfrute persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilizalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica, igualmente, manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras comunidades.

Así pois, a competencia para a conciencia e expresión cultural require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural (patrimonio cultural, histórico-artístico, literario, filosófico, tecnolóxico, ambiental, etcétera) a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, así como en diferentes xéneros e estilos, tanto das belas artes (música, pintura, escultura, arquitectura, cine, literatura, fotografía, teatro e danza) como doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá (vivenda, vestido, gastronomía, artes aplicadas, folclore, festas...). Incorpora, así mesmo, o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas e a identificación das relacións existentes entre esas manifestacións e a sociedade, o cal supón tamén ter conciencia da evolución do pensamento, as correntes estéticas, as modas e os gustos, así como da importancia representativa, expresiva e comunicativa dos factores estéticos na vida cotiá.

Os ditos coñecementos son necesarios para pór en funcionamento destrezas como a aplicación de diferentes habilidades de pensamento, perceptivas, comunicativas, de sensibilidade e sentido estético para poder comprendelas, valoralas, emocionarse e desfrutalas. A expresión cultural e artística exige tamén desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade expresadas a través de códigos artísticos, así como a capacidade de empregar distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos.

Ademais, na medida en que as actividades culturais e artísticas supoñen con frecuencia

un traballo colectivo, é preciso dispor de habilidades de cooperación e ter conciencia da importancia de apoiar e apreciar as contribucións alleas.

O desenvolvemento desta competencia supón actitudes e valores persoais de interese, recoñecemento e respecto polas diferentes manifestacións artísticas e culturais, e pola conservación do patrimonio.

Exixe, así mesmo, valorar a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural, o diálogo entre culturas e sociedades e a realización de experiencias artísticas compartidas.

Pola súa vez, comporta un interese por participar na vida cultural e, por tanto, por comunicar e compartir coñecementos, emocións e sentimentos a partir de expresións artísticas.

Así pois, para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar:

- O coñecemento, estudo e comprensión tanto dos distintos estilos e xéneros artísticos como das principais obras e producións do patrimonio cultural e artístico en distintos períodos históricos, as súas características e as súas relacións coa sociedade en que se crean, así como as características das obras de arte producidas, todo isto mediante o contacto coas obras de arte. Está relacionada, igualmente, coa creación da identidade cultural como cidadán dun país ou membro dun grupo.
- A aprendizaxe das técnicas e recursos das diferentes linguaxes artísticas e formas de expresión cultural, así como da integración de distintas linguaxes.
- O desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias, partindo da identificación do potencial artístico persoal (aptitude/talento). Refírese, tamén, á capacidade de percibir, comprender e enriquecerse coas producións do mundo da arte e da cultura.
- A potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de cara á expresión das propias ideas e sentimentos. É dicir, a capacidade de imaxinar e

realizar producións que supoñan recreación, innovación e transformación.

Implica o fomento de habilidades que permitan reelaborar ideas e sentimentos propios e alleos e exige desenvolver o autocoñecemento e a autoestima, así como a capacidade de resolución de problemas e asunción de riscos.

– O interese, aprecio, respecto, desfrute e valoración crítica das obras artísticas e culturais que se producen na sociedade, cun espírito aberto, positivo e solidario.

– A promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade en que se vive, ao longo de toda a vida. Isto leva implícitos comportamentos que favorecen a convivencia social.

– O desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina como requisitos necesarios para a creación de calquera produción artística de calidade, así como habilidades de cooperación que permitan a realización de traballos colectivos.

3. Obxectivos da materia

Obxectivos xerais da etapa

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Obxectivos da materia nesta etapa

Segundo veñen reflectidos no DOG do 29 de xuño de 2015, nas páxinas 25588 e seguintes, os obxectivos específicos aos que debe contribuír a materia de Debuxo Técnico son os: b), d), e), g), i), l), e en menor medida tamén o m),

- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

4. Desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe: temporalización, mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación

TEMPORALIZACIÓN

Os tempos serán flexibles en función de cada actividade e das necesidades de cada alumno, que serán os que marquen o ritmo de aprendizaxe. Ó longo do curso escolar iremos concretando as sesións necesarias para desenvolver todos os contidos, así como as actividades realizadas.

Con todo, establécense uns tempos que se fixan de guía.

En 1º de Bacharelato a materia distribúese en 4 sesións semanais, así decidiuse adicar unha delas en exclusividade ao Sistema Axonométrico e a súa representación coas regras, a man alzada e normalizada, por ser, os contidos referidos, complexos e indispensables para futuros estudos do noso alumnado. Así, os contidos das unidades 7, 11,12 e 13 daranse ao longo de todo o curso na sesión dos luns, xa que foi este o día elexido polos alumnos para tal fin.

1ª AVALIACIÓN

UNIDADE 1: Introducción ao Debuxo Técnico

UNIDADE 2: Trazados fundamentais. Lugares xeométricos

UNIDADE 3: Polígonos

UNIDADE 4: Escalas gráficas. Proporcionalidade

UNIDADE 5: Transformacións xeométricas fundamentais

UNIDADE 6: Tanxencias e enlaces

2ª AVALIACIÓN

UNIDADE 8: Sistema diédrico

3ª AVALIACIÓN

UNIDADE 9: Sistema de planos acotados

UNIDADE 10: Sistema cónico

AO LONGO DE TODO O CURSO

UNIDADE 7: Sistemas de representación. Introducción

UNIDADE 11: Sistema axonométrico

UNIDADE 12: Debuxo dos sistemas a man alzada

UNIDADE 13: Normalización

UNIDADE 1: Introducción ao Debuxo Técnico

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao de consecución
Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Trazados xeométricos. ▪ B1.2. Instrumentos e materiais do debuxo técnico. ▪ B1.3. Recoñecemento da xeometría na natureza. ▪ B1.4. Identificación de estruturas xeométricas na arte. ▪ B1.5. Valoración da xeometría como instrumento para o deseño gráfico, industrial e arquitectónico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Resolver problemas de configuración de formas poligonais sinxelas no plano coa axuda de utensilios convencionais de debuxo sobre taboleiro, aplicando os fundamentos da xeometría métrica de acordo cun esquema paso a paso e/ou unha figura de análise elaborada previamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.1. Deseña, modifica ou reproduce formas baseadas en redes modulares cadradas coa axuda do escuadro e o cartabón, utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reproduce formas baseadas en redes modulares cadradas coa axuda do escuadro e o cartabón, utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.

UNIDADE 2: Trazados fundamentais. Lugares xeométricos

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Critérios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao de consecución
Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Trazados fundamentais no plano. ▪ B1.7. Operacións con segmentos. ▪ B1.8. Mediatriz. ▪ B1.9. Paralelismo e perpendicularidade. ▪ B1.10. Determinación de lugares xeométricos. Aplicacións. ▪ B1.11. Elaboración de formas baseadas en redes modulares. ▪ B1.12. Circunferencia e círculo. ▪ B1.13. Ángulos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Resolver problemas de configuración de formas poligonais sinxelas no plano coa axuda de utensilios convencionais de debuxo sobre taboleiro, aplicando os fundamentos da xeometría métrica de acordo cun esquema paso a paso e/ou unha figura de análise elaborada previamente. 	DT1.B1.1. 2. Determina coa axuda de regra e compás os principais lugares xeométricos de aplicación aos trazados fundamentais no plano, e comproba graficamente o cumprimento das condicións establecidas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Determina coa axuda de regra e compás os principais lugares xeométricos de aplicación aos trazados fundamentais no plano, e comproba graficamente o cumprimento das condicións establecidas.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.4. Comprende as relacións métricas dos ángulos da circunferencia e o círculo, describe as súas propiedades e identifica as súas posibles aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprende as relacións métricas dos ángulos da circunferencia e o círculo e describe as súas propiedades

UNIDADE 3: Polígonos

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Critérios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao de consecución
Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.14. Trazado de polígonos regulares. ▪ B1.15. Resolución gráfica de cuadriláteros e polígonos. ▪ B1.16. Representación de formas planas. ▪ B1.18. Resolución gráfica de triángulos. ▪ B1.19. Determinación, propiedades e aplicacións dos seus puntos notables. ▪ B1.21. Análise de trazado de formas poligonais por triangulación, radiación e itinerario. ▪ B1.22. Construción e utilización de escalas gráficas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Resolver problemas de configuración de formas poligonais sinxelas no plano coa axuda de utensilios convencionais de debuxo sobre taboleiro, aplicando os fundamentos da xeometría métrica de acordo cun esquema paso a paso e/ou unha figura de análise elaborada previamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.3. Relaciona as liñas e os puntos notables de triángulos, cuadriláteros e polígonos coas súas propiedades, e identifica as súas aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Relaciona as liñas e os puntos notables de triángulos, cuadriláteros e polígonos coas súas propiedades
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.5. Resolve triángulos coa axuda de regra e compás, aplicando as propiedades das súas liñas e os puntos notables, e os principios xeométricos elementais, e xustifica o procedemento utilizado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Resolve triángulos coa axuda de regra e compás, aplicando as propiedades das súas liñas e os puntos notables, e os principios xeométricos elementais
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.6. Deseña, modifica ou reproduce cuadriláteros e polígonos analizando as relacións métricas esenciais e resolvendo o seu trazado por triangulación, radiación, itinerario ou relacións de semellanza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reproduce cuadriláteros e polígonos analizando as relacións métricas esenciais e resolvendo o seu trazado por triangulación, radiación, itinerario ou relacións de semellanza.

UNIDADE 4: Escalas gráficas. Proporcionalidade

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao de consecución
Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.17. Trazado de formas proporcionais. ▪ B1.20. Proporcionalidade e semellanza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Resolver problemas de configuración de formas poligonais sinxelas no plano coa axuda de utensilios convencionais de debuxo sobre taboleiro, aplicando os fundamentos da xeometría métrica de acordo cun esquema paso a paso e/ou unha figura de análise elaborada previamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.7. Reproduce figuras proporcionais determinando a razón idónea para o espazo de debuxo dispoñible, construíndo a escala gráfica correspondente en función da apreciación establecida e utilizándoa coa precisión requirida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reproduce figuras proporcionais determinando a razón idónea para o espazo de debuxo dispoñible, construíndo a escala gráfica correspondente en función da apreciación establecida e utilizándoa coa precisión requirida.

UNIDADE 5: Transformacións xeométricas elementais

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao de consecución
Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.23. Transformacións xeométricas elementais: xiro, translación, simetría homotecia e afinidade. Identificación de invariantes. Aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Resolver problemas de configuración de formas poligonais sinxelas no plano coa axuda de utensilios convencionais de debuxo sobre taboleiro, aplicando os fundamentos da xeometría métrica de acordo cun esquema paso a paso e/ou unha figura de análise elaborada previamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.8. Comprende as características das transformacións xeométricas elementais (xiro, translación, simetría, homotecia e afinidade), identificando as súas invariantes, e aplícaas para a resolución de problemas xeométricos e para a representación de formas planas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprende as características das transformacións xeométricas elementais (xiro, translación, simetría, homotecia e afinidade), identificando as súas invariantes, e aplícaas para a resolución de problemas xeométricos e para a representación de formas planas.

UNIDADE 6: Tanxencias e enlaces

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao de consecución
Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.24. Tanxencias e enlaces. ▪ B1.25. Resolución de problemas básicos de tanxencias e enlaces. Aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Debuxar curvas técnicas e figuras planas compostas por circunferencias e liñas rectas, aplicando os conceptos fundamentais de tanxencias, resaltar a forma final determinada e indicar grafi- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.2.1. Identifica as relacións entre puntos de tanxencia, centros e raios de circunferencias, analizando figuras compostas por enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica as relacións entre puntos de tanxencia, centros e raios de circunferencias, analizando figuras compostas por

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao de consecución
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.26. Construción de curvas técnicas, óvalos, ovoides e espirais. ▪ B1.27. Aplicacións da xeometría ao deseño arquitectónico e industrial. ▪ B1.28. Xeometría e novas tecnoloxías. ▪ B1.29. Aplicacións de debuxo vectorial en 2D. ▪ B1.30. Exercicios de aplicación de trazado de tanxencias e enlaces. 	<p>camente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.</p>			enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.2.2. Resolve problemas básicos de tanxencias coa axuda de regra e compás, aplicando con rigor e exactitude as súas propiedades intrínsecas, e utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Resolve problemas básicos de tanxencias coa axuda de regra e compás
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.2.3. Aplica os coñecementos de tanxencias á construción de óvalos, ovoides e espirais, e relaciona a súa forma coas principais aplicacións no deseño arquitectónico e industrial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aplica os coñecementos de tanxencias á construción de óvalos, ovoides e espirais, e relaciona a súa forma coas principais aplicacións no deseño arquitectónico e industrial.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.2.4. Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas que conteñan enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reproduce a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas que conteñan enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.

UNIDADE 7: Sistemas de representación. Introducción

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao de consecución
Bloque 2. Sistemas de representación					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Fundamentos dos sistemas de representación. ▪ B2.2. Sistemas de representación na arte. ▪ B2.3. Evolución histórica dos sistemas de representación. ▪ B2.4. Sistemas de representación e debuxo técnico. Ámbitos de aplicación. ▪ B2.5. Vantaxes e inconvenientes. Criterios de selección. ▪ B2.6. Clases de proxección. ▪ B2.7. Sistemas de representación e novas tecnoloxías. ▪ B2.8. Aplicacións de debuxo vectorial en 3D. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Relacionar os fundamentos e as características dos sistemas de representación coas súas posibles aplicacións ao debuxo técnico, seleccionando o sistema axeitado ao obxectivo previsto, e identificar as vantaxes e os inconvenientes en función da información que se desexe amosar e dos recursos dispoñibles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B2.1.1. Identifica o sistema de representación empregado a partir da análise de debuxos técnicos, ilustracións ou fotografías de obxectos ou espazos, e determina as características diferenciais e os elementos principais do sistema. ▪ DT1.B2. 1. 2. Establece o ámbito de aplicación dos principais sistemas de representación, e ilustra as súas vantaxes e os seus inconvenientes mediante o debuxo a man alzada dun mesmo corpo xeométrico sinxelo. ▪ DT1.B2.1.3. Selecciona o sistema de representación idóneo para a definición dun obxecto ou espazo, analizando a complexidade da súa forma, a finalidade da representación, a exactitude requirida e os recursos informáticos dispoñibles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCL ▪ CD 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica o sistema de representación empregado a partir da análise de debuxos técnicos ▪ Aprecias as vantaxes e os seus inconvenientes mediante o debuxo a man alzada dun mesmo corpo xeométrico sinxelo. ▪ Selecciona o sistema de representación idóneo para a definición dun obxecto ou espazo

UNIDADE 8: Sistema diédrico

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Critérios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao de consecución
Bloque 2. Sistemas de representación					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Sistema diédrico. ▪ B2. 10. Procedementos para a obtención das proxeccións diédricas. ▪ B2.11. Disposición normalizada. ▪ B2.12. Reversibilidade do sistema. Número de proxeccións suficientes. ▪ B2.13. Representación e identificación de puntos, rectas e planos. Posicións no espazo. Paralelismo e perpendicularidade. Pertenza e intersección. ▪ B2.14. Proxeccións diédricas de sólidos e espazos sinxelos. ▪ B2.15. Seccións planas. Determinación da súa verdadeira magnitude. ▪ B2.16. Procedementos para a obtención e disposición das proxeccións diédricas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Relacionar os fundamentos e as características dos sistemas de representación coas súas posibles aplicacións ao debuxo técnico, seleccionando o sistema axeitado ao obxectivo previsto, e identificar as vantaxes e os inconvenientes en función da información que se desexe amosar e dos recursos dispoñibles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1B2.1.4. Comprende os fundamentos do sistema diédrico e describe os procedementos de obtención das proxeccións e a súa disposición normalizada. ▪ DT1.B2.1.5. Comprende o funcionamento do sistema diédrico, relacionando os seus elementos, convencionalismos e notacións coas proxeccións necesarias para representar inequivocamente a posición de puntos, rectas e planos, e resolve problemas de pertenza, intersección e verdadeira magnitude. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprende os fundamentos do sistema diédrico ▪ Comprende o funcionamento do sistema diédrico, relacionando os seus elementos, convencionalismos e notacións necesarias para representar inequivocamente a posición de puntos, rectas e planos, e resolve problemas de pertenza, intersección e verdadeira magnitude.

UNIDADE 9: Sistema de planos acotados

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao de consecución
Bloque 2. Sistemas de representación					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.19. Sistema de planos cotados: aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Representar formas tridimensionais sinxelas a partir de perspectivas, fotografías, pezas reais ou espazos do contorno próximo, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados, dispoñendo de acordo coa norma as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B2.2.1. Comprende o funcionamento do sistema de planos cotados como unha variante do sistema diédrico que permite rendibilizar os coñecementos adquiridos, ilustra as súas principais aplicacións mediante a resolución de problemas sinxelos de pertenza e intersección e obtén perfís dun terreo a partir das súas curvas de nivel. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprende o funcionamento do sistema de planos cotados como unha variante do sistema diédrico que permite rendibilizar os coñecementos adquiridos, ilustra as súas principais aplicacións mediante a resolución de problemas sinxelos de pertenza e intersección e obtén perfís dun terreo a partir das súas curvas de nivel.

UNIDADE 10: Sistema cónico

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao de consecución
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.25. Sistema cónico central. ▪ B2.26. Elementos do sistema. Plano do cadro e cono visual. ▪ B2.27. Determinación do punto de vista e orientación das caras principais. ▪ B2.28. Paralelismo. Puntos de fuga. Puntos métricos. ▪ B2.29. Representación simplificada da circunferencia. ▪ B2.30. Sistema cónico oblicuo. ▪ B2.31. Representación simplificada da circunferencia. ▪ B2.32. Representación de sólidos nos diferentes sistemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Debuxar perspectivas cónicas de formas tridimensionais a partir de espazos do contorno ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, e valorar o método seleccionado, considerando a orientación das caras principais respecto do plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B2.4.1. Comprende os fundamentos da perspectiva cónica e clasifica a súa tipoloxía en función da orientación das caras principais respecto ao plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final, determinando o punto principal, a liña do horizonte, os puntos de fuga e os seus puntos de medida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprende os fundamentos da perspectiva cónica e clasifica a súa tipoloxía en función da orientación das caras principais respecto ao plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final, determinando o punto principal, a liña do horizonte, os puntos de fuga e os seus puntos de medida. ▪ Debuxa coa axuda de utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B2.4.2. Debuxa coa axuda de utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoñendo a súa orientación para simplificar o seu trazado. 		

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao de consecución
			<ul style="list-style-type: none"> DT1.B2.4.3. Representa formas sólidas ou espaciais con arcos de circunferencia en caras horizontais ou verticais, debuxando perspectivas cónicas oblicuas coa axuda de utensilios de debuxo, simplificando a construción das elipses perspectivas mediante o trazado de polígonos circunscritos, trazándoas a man alzada ou coa axuda de patróns de curvas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> Representa formas sólidas ou espaciais con arcos de circunferencia en caras horizontais ou verticais, debuxando perspectivas cónicas oblicuas coa axuda de utensilios de debuxo

UNIDADE 11: Sistema axonométrico

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao de consecución
<ul style="list-style-type: none"> b d e g 	<ul style="list-style-type: none"> B2.20. Sistema axonométrico. B2.21. Fundamentos do sistema. Disposición dos eixes e utilización dos coeficientes de redución. B2.22. Sistema axonométrico ortogonal, pers- 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Debuxar perspectivas de formas tridimensionais a partir de pezas reais ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, seleccionando a axonometría axeitada ao propósito da representación, dispoñendo a posición dos eixes en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e utilizando, de ser o caso, os coeficientes 	<ul style="list-style-type: none"> DT1.B2.3.1. Realiza perspectivas isométricas de corpos definidos polas súas vistas principais, coa axuda de utensilios de debuxo sobre taboleiro, representando as circunferencias situadas en caras paralelas aos planos coordenados como óvalos en lugar de elipses, simplificando o seu trazado. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Realiza perspectivas isométricas de corpos definidos polas súas vistas principais, coa axuda de utensilios de debuxo sobre taboleiro, representando as circunferencias situadas en caras paralelas aos planos coor-

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao de consecución
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ l 	<p>pectivas isométricas, dimétricas e trimétricas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.23. Sistema axonométrico oblicuo: perspectivas cabaleiras e militares. ▪ B2.24. Aplicación do óvalo isométrico como representación simplificada de formas circulares. 	<p>de redución determinados.</p>			denados como óvalos en lugar de elipses, simplificando o seu trazado.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B2.3.2. Realiza perspectivas cabaleiras ou planimétricas (militares) de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoño a súa orientación para simplificar o seu trazado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza perspectivas cabaleiras

UNIDADE 12: Debuxo dos sistemas a man alzada

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao de consecución
Bloque 2. Sistemas de representación					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.17. Visualización e debuxo a man alzada de axonometrías a partir das vistas principais de pezas sinxelas. ▪ B2.18. Seccións planas. Determinación da súa 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Relacionar os fundamentos e as características dos sistemas de representación coas súas posibles aplicacións ao debuxo técnico, seleccionando o sistema axeitado ao obxectivo previsto, e identificar as vantaxes e os inconvenientes en función da información que se desexe amosar e dos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B2.1.6. Deseña ou reproduce formas tridimensionais sinxelas, debuxando a man alzada as súas vistas principais no sistema de proxección ortogonal establecido pola norma de aplicación, dispoño as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Deseña ou reproduce formas tridimensionais sinxelas, debuxando a man alzada as súas vistas principais no sistema de proxección ortogonal establecido pola norma de aplicación,

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao de consecución
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ l 	verdadeira magnitude.	recursos dispoñibles.			dispondo as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B2.1.7. Visualiza no espazo perspectivo formas tridimensionais sinxelas definidas suficientemente polas súas vistas principais, debuxando a man alzada axonometrías convencionais (isometrías e cabaleiras). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Visualiza no espazo perspectivo formas tridimensionais sinxelas definidas suficientemente polas súas vistas principais, debuxando a man alzada axonometrías convencionais (isometrías e cabaleiras).
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B2.1.8. Determina seccións planas de obxectos tridimensionais sinxelos, visualizando intuitivamente a súa posición mediante perspectivas a man alzada, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprende seccións planas de obxectos tridimensionais sinxelos

UNIDADE 13: Normalización

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao de consecución
Bloque 3. Normalización					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Elementos da normalización consonte a normativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Valorar a normalización como convencionalismo para a comunicación universal que permite simplificar os métodos de produción, asegurar a calidade dos produtos, posibilitar a súa distribución e garantir a súa utilización polo destinatario final. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B3.1.1. Describe os obxectivos e os ámbitos de utilización das normas UNE, EN e ISO, e relaciona as específicas do debuxo técnico coa súa aplicación para a elección e a dobra de formatos, para o emprego de escalas, para establecer o valor representativo das liñas, para dispor as vistas e para a cotación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Describe os obxectivos e os ámbitos de utilización das normas UNE, EN e ISO
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Proxecto: necesidade e ámbito de aplicación das normas. ▪ B3.3. Formatos. Dobra de planos. ▪ B3.4. Vistas. Liñas normalizadas. ▪ B3.5. Aplicacións da normalización. ▪ B3.6. Escalas. Cotación. ▪ B3.7. Debuxo industrial. ▪ B3.6. Escalas. Cotación. ▪ B3.8. Debuxo arquitectónico. ▪ B3.9. Cortes e seccións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Aplicar as normas nacionais, europeas e internacionais relacionadas cos principios xerais de representación, formatos, escalas, cotación e métodos de proxección ortográficos e axonométricos, considerando o debuxo técnico coma linguaxe universal, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe e utilizándoo de forma obxectiva para a interpretación de planos técnicos e a elaboración de bosquejos, esquemas, esbozos e planos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B3.2.1. Obtén as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Obtén as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B3.2.2. Representa pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando as normas referidas aos principais métodos de proxección ortográficos, seleccionando as vistas imprescindibles para a súa definición, dispóndoas axeitadamente e diferenciando o trazado de eixes, liñas vistas e ocultas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Representa pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando as normas referidas aos principais métodos de proxección ortográficos, seleccionando as vistas imprescindibles para a súa definición, dispóndoas axeitadamente e diferenciando o trazado de eixes, liñas vistas e ocultas.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B3.2.3. Cota pezas industriais sinxelas identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cota pezas industriais sinxelas identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao de consecución
					de acordo coa norma.
			<ul style="list-style-type: none"> DT1.B3.2.4. Cota espazos arquitectónicos sinxelos identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> Comprende a cota de espazos arquitectónicos sinxelos identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.
			<ul style="list-style-type: none"> DT1.B3.2.5. Representa obxectos con ocos mediante cortes e seccións, aplicando as normas básicas correspondentes. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> Comprende obxectos con ocos mediante cortes e seccións, aplicando as normas básicas correspondentes.

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Exercicios de láminas e traballos individuais prácticos en clase

Terán como obxectivo a comprobación do que saben e saben facer, a comprobación da eficacia do ensino e a comprobación da expresión escrita e o manexo dos códigos propios do debuxo técnico do alumno. Os exercicios estarán enfocados a estimular a capacidade de razoamento ademais de fomentar as capacidades creativas para relacionar, estruturar, percibir, sintetizar, etc.

A través deles valórase o desenvolvemento das destrezas manuais por medio da correcta utilización do material, a rotulación, o trazado, a limpeza, etc. Por outra parte son un control de asimilación de contidos aplicados e facilitanos o seguimento do desenvolvemento da creatividade e a expresividade e axúdanos como seguimento do proceso de aprendizaxe.

Exercicios tipo test ou exames teórico-práctico de conceptos, vocabulario e expresión escrita.

Estas probas estimularán o desenvolvemento de determinadas capacidades como son: a comprensión dos conceptos, a combinación de procedementos para atopar solucións novas, flexibilidade mental, a percepción visual, a fluidez de ideas, a orixinalidade, a elaboración de debuxos coas ferramentas axeitadas, a imaxinación, etc.

Exercicios orais e preguntas de clase

Posibilita a indagación do profesor cara ás respostas dos alumnos e a capacidade de observación do nivel de expresión oral e de adecuación da linguaxe e o vocabulario á área do debuxo técnico.

As preguntas de clase, participación e prácticas van dirixidas a comprobar o desenvolvemento do proceso de aprendizaxe.

5. Metodoloxía

A realidade da materia no centro cun número reducido de alumnos permite flexibilizar e adaptar a metodoloxía as necesidades do grupo, organizándoa en xeral arredor de proxectos individuais ou colectivos onde se poidan ver, aplicar e razoar sobre os contidos da materia.

Segundo os obxectivos a conseguir en cada unha das UU. DD. Se poderá alterar esta metodoloxía.

Hai un libro de texto de referencia, malia iso podese usar, baixo supervisión do profesor, calquera dos libros de textos empregados na ensinanza da materia para estes niveis. A maiores o departamento repartirá fotocopias con contidos teóricos e propostas prácticas para o alumnado.

En xeral o primeiro paso será expositivo seguindo o esquema do xeral ao particular.

Darase aos alumnos un esquema previo do temas a desenvolver a continuación, para pasar a explicación de conceptos e regras a empregar nas prácticas consecuentes, e finalmente a aplicación práctica dos conceptos tratados.

As veces será interrogativo mediante preguntas e dialogo do profesor e os alumnos, para poder despois atopar as posibles respostas no tema ou unidade, ou dirixir ao alumnado a novas fontes de información.

Unha vez tratada a teoría e os exemplos dos apartados correspondentes da unidade, o profesor propoñerá unha aplicación destes, unha práctica a realizar para reforzar os conceptos, procedementos, linguaxe e métodos.

Nestes traballos prácticos é moi importante o aspecto de manexo de ferramentas e a corrección no seu emprego, de xeito que se realizará na aula coa supervisión do profesor, téndose que rematar na casa.

6. Materiais e recursos didácticos

No conxunto do proceso de ensino-aprendizaxe empregaranse os seguintes materiais:

- Materiais de debuxo e pintura do departamento
- Medios audiovisuais/TIC dispoñibles no aula, canón de vídeo, aula de informática, videocámara, etc.

Para os alumnos:

Decotío (este material é obrigatorio traelo á aula cada día)

- Libro de texto de “Debuxo Técnico 1”, editorial Donostiarra.
- Carpetiña transparente pechable tamaño A4 para levar todo o resto de material. Datos alumno en portada.
- Apuntamentos anteriores para consultar dúbidas e corrixir erros.
- Bolígrafo azul ou negro para escribir.
- Lapis de grafito de dureza HB e 3B
- Afialapis, a ser posible con depósito para as labras.
- Follas brancas A4 de 80gr/m² (papel normal de papelería).
- Regra transparente de 30 cm.
- Tesoiras escolares.
- Lapis de cores: caixa de 12 cores con branco, negro, maxenta, cián e amarelo
- Rotuladores de cores de punta media: caixa de 10 ou 12 cores con gris, negro, maxenta, cián e amarelo
- Escuadra e cartabón de entre 22 e 25 cm. Tipo Faber-Castell (transparentes, sen regras incorporadas, bordes sen bisel, flexíbeis)
- Compás de agulla e grafito, con adaptador para usar outro lapis ou rotulador.
- Outros materiais do contorno do alumnado.

7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado:

⑩ Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado, contemplando tres escenarios: Presencial, Semipresencial e Non Presencial.

ESCENARIO PRESENCIAL

Criterios sobre a avaliación e cualificación

Cada trimestre realizaremos unha ou dúas probas escritas. Ademais dos coñecementos obxectivos, terase en conta a adquisición do vocabulario específico de Debuxo Técnico, así como a corrección lingüística na expresión das ideas desenvolvidas.

Tamén se establecerá a entrega periódica de traballos prácticos e exercicios escritos, realizados na aula e na casa. Na súa valoración terase en conta a presentación e os contidos.

Apart .	Instrumentos de av.	Observacións	Ponder
A	Probas escritas (exames)	Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos, podendo expresarse ata 2 decimais, redondeando á alza se o primeiro decimal supera o 5. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas.	70%
B	Láminas e traballos (de 5 a 8 por trimestre) realizadas na aula	As láminas valoraranse de 0 a 10 puntos, podendo ponderar a nota de cada lámina dentro do cómputo global das mesmas en función da complexidade que presente ou o tempo de traballo requerido.	20%
C	Caderno do profesor	Rexistro de actitude e traballo na aula, así como saídas á pizarra para resolución de exercicios	10%

Promoción do alumnado

No terceiro trimestre, antes da avaliación final ordinaria realizaranse probas de recuperación ou entrega de traballos no caso de ter suspensa algunha/as avaliación anterior.

A nota final da avaliación ordinaria de xuño será a media ponderada das notas finais das tres avaliacións. O alumnado promocionará se acada como mínimo un 5 sobre 10 nesta media.

Excepcionalmente, se se aprecia unha clara evolución positiva durante o curso, chegando ao 5 ou superándoo na 3ª avaliación e isto vai aparelado de traballo e esforzo contínuo, a nota final do curso poderá ser o 5 ou a mesma que a nota da 3ª avaliación.

No caso de que o alumnado teña que presentarse a avaliación extraordinaria terá dereito a un exame que se puntuará de 0 a 10. O alumnado promocionará se a nota final e de 5 ou superior a el.

ESCENARIO SEMIPRESENCIAL

Os contidos da programación, e máis os da teoría dos contidos, con explicacións, exemplos, imaxes, tarefas, etc está en proceso de pendurarse no Aula Virtual do centro.

Ao longo do curso poderase cambiar de modo de ensino de presencial a non presencial con cambios mínimos. A intención destas accións é asegurar ao alumnado a calidade educativa similar, ou moi parecida, á de presencialidade.

Criterios sobre a avaliación e cualificación

Cada trimestre realizaremos unha ou dúas probas escritas. Ademais dos coñecementos obxectivos, terase en conta a adquisición do vocabulario específico de Debuxo Técnico así como a corrección lingüística na expresión das ideas desenvolvidas.

Tamén se establecerá a entrega periódica de traballos prácticos e exercicios escritos, realizados na aula e na casa. Na súa valoración terase en conta a presentación e os contidos.

Apart	Instrumentos de av.	Observacións	Ponder
A	Probas escritas (exames)	Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos, podendo expresarse ata 2 decimais, redondeando á alza se o primeiro decimal supera o 5. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas.	70%
B	Láminas e traballos (de 5 a 8 por trimestre) realizadas na aula	As láminas valoraranse de 0 a 10 puntos, podendo ponderar a nota de cada lámina dentro do cómputo global das mesmas en función da complexidade que presente ou o tempo de traballo requerido.	20%
C	Caderno do profesor	Resolución de dúbidas, participación e entrega de traballos voluntarios.	10%

As probas poderán facerse coas ferramentas informáticas suxeridas. Cando se requira poderán entregarse nos formatos: papel (físico), .pdf, ou foto jpg/ jpeg de tamaño razoable, etc.

Promoción do alumnado

No terceiro trimestre, antes da avaliación final ordinaria realizaranse probas de recuperación ou entrega de traballos no caso de ter suspensa algunha/as avaliación anterior.

A nota final da avaliación ordinaria de xuño será a media ponderada das notas finais das tres avaliacións. O alumnado promocionará se acada como mínimo un 5 sobre 10 nesta media.

Excepcionalmente, se se aprecia unha clara evolución positiva durante o curso, chegando ao 5 ou superándoo na 3ª avaliación e isto vai aparelado de traballo e esforzo contínuo, a nota final do curso poderá ser o 5 ou a mesma que a nota da 3ª avaliación.

No caso de que o alumnado teña que presentarse a avaliación extraordinaria terá dereito a un exame que se puntuará de 0 a 10. O alumnado promocionará se a nota final e de 5 ou superior a el.

ESCENARIO NON PRESENCIAL

Os contidos da programación, e máis os da teoría dos contidos, con explicacións, exemplos, imaxes, tarefas, etc está en proceso de pendurarse no Aula Virtual do centro. Ao longo do curso poderase cambiar de modo de ensino de presencial a non presencial con cambios mínimos. A intención destas accións é asegurar ao alumnado a calidade educativa similar, ou moi parecida, á de presencialidade.

Crterios sobre a avaliación e cualificación

Cada trimestre realizaremos unha ou dúas probas escritas. Ademais dos coñecementos obxectivos, terase en conta a adquisición do vocabulario específico de Debuxo Técnico, así como a corrección lingüística na expresión das ideas desenvolvidas.

Tamén se establecerá a entrega periódica de traballos prácticos e exercicios escritos, realizados na aula e na casa. Na súa valoración terase en conta a presentación e os contidos.

Apart	Instrumentos de av.	Observacións	Ponder
A	Probas escritas (exames)	Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos, podendo expresarse ata 2 decimais, redondeando á alza se o primeiro decimal supera o 5. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas.	70%
B	Láminas e traballos (de 5 a 8 por trimestre) realizadas na aula	As láminas valoraranse de 0 a 10 puntos, podendo ponderar a nota de cada lámina dentro do cómputo global das mesmas en función da complexidade que presente ou o tempo de traballo requerido.	20%
C	Caderno do profesor	Resolución de dúbidas, participación e entrega de traballos voluntarios.	10%

As probas poderán facerse coas ferramentas informáticas suxeridas. Cando se requira poderán entregarse nos formatos: papel (físico), .pdf, ou foto jpg/ jpeg de tamaño razoable, etc.

Promoción do alumnado

No terceiro trimestre, antes da avaliación final ordinaria realizaranse probas de recuperación ou entrega de traballos no caso de ter suspensa algunha/as avaliación anterior.

A nota final da avaliación ordinaria de xuño será a media ponderada das notas finais das tres avaliacións. O alumnado promocionará se acada como mínimo un 5 sobre 10 nesta media.

Excepcionalmente, se se aprecia unha clara evolución positiva durante o curso, chegando ao 5 ou superándoo na 3ª avaliación e isto vai aparelado de traballo e esforzo contínuo, a nota final do curso poderá ser o 5 ou a mesma que a nota da 3ª avaliación.

No caso de que o alumnado teña que presentarse a avaliación extraordinaria terá dereito a un exame que se puntuará de 0 a 10. O alumnado promocionará se a nota final e de 5 ou superior a el.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Nas sesións de xefatura de departamento faranse revisións mensuais e/ou trimestrais para comprobar a seguimento da programación en cadanseu curso. Se adoptarán as medidas que sexan consideradas necesarias se é o caso.

Ao final do curso se fará unha valoración dos resultados nas notas do alumnado en cada grupo así como as medidas que se tiveron que tomar durante o curso (adaptacións,

reforzos, ...).

Ao final de cada trimestre se pasará unha enquisa ao alumnado para valorar a impresión (subxectiva) do mesmo respecto ao profesor. Tamén se valorará trimestralmente o grado de consecución dos obxectivos entre o alumnado para poder tomar medidas e facer os cambios necesarios no proceso de ensino-aprendizaxe.

O obxectivo é que polo menos un 85% dos alumnos superen os contidos mínimos da materia do curso.

A continuación sinalamos aqueles descritores/indicadores que deben terse en conta para a avaliación do proceso, desglosados en catro momentos principais: PROGRAMACIÓN, PROCESO DE ENSINO, PRÁCTICA DOCENTE e PROCESO DE AVALIACIÓN. Ditos indicadores deben ir acompañados dunha escala de menor a maior (de 1 a 4) e das observacións pertinentes.

INDICADORES DE LOGRO DA PROGRAMACIÓN

	Escala			
	1	2	3	4
1. Os obxectivos didácticos formuláronse en función dos estándares de aprendizaxe avaliábeis que concretan os criterios de avaliación.				
2. A selección e temporalización de contidos e actividades foi axustada.				
3. A programación facilitou a flexibilidade das clases, para axustarse ás necesidades e intereses dos alumnos o máis posible.				
4. Os criterios de avaliación e cualificación foron claros e coñecidos dos alumnos, e permitiron facer un seguimento do progreso dos alumnos.				

5. A programación realizouse en coordinación co resto do profesorado.				
---	--	--	--	--

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

	Escal a			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
6. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
7. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				

INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

	Escal a			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				

7. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
8. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
9. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
10. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
11. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
13. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
14. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
15. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
16. Avaliáse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

INDICADORES DE LOGRO DA AVALIACIÓN

	Escala			
	1	2	3	4
1. Realizouse unha avaliación inicial para axustar a programación á situación real de aprendizaxe.				
2. Utilizáronse de maneira sistemática distintos procedementos e instrumentos de avaliación, que permitiron avaliar contidos, procedementos e actitudes.				
3. Os alumnos dispuxeron de ferramentas de autocorrección, autoavaliación e coavaliación.				
4. Proporcionáronse actividades e procedementos para recuperar a materia, a alumnos con algunha avaliación suspensa, ou coa materia pendente do curso anterior, ou na avaliación final ordinaria.				
5. Os criterios de cualificación propostos foron axustados e rigorosos.				

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes:

⑩ Organización das actividades de seguimento, recuperación das materias pendentes contemplando tres escenarios: Presencial, Semipresencial e Non presencial.

Este ano non hai alumnado coa materia Debuxo Técnico 1, de 1º de bacharelato, pendente.

10. Procedementos para acreditar coñecementos necesarios en determinadas materias (só para bacharelato)

A avaliación inicial xeral de comezo de curso será completada con cadansúa avaliación inicial ao comezo de cada unidade mediante preguntas e cuestionarios orais ao comezo das explicacións iniciais. Observarase en cada un dos contidos novos relacionados con contidos previos xa adquiridos se os alumnos e alumnas realmente os teñen adquiridos a través da observación directa dos exercicios que se realizarán na aula. Deberemos ter en conta, ademáis que no curso anterior, 4º ESO, a materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual ten carácter optativo, co que non todos os alumnos a cursaron. Se é preciso, afondarase nos contidos máis básicos cando se detecten carencias que dificulten o progreso do alumnado.

11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar

A avaliación inicial inclúe conceptos teórico-prácticos e conceptos e procedementos xeométricos e de debuxo propios da materia que se viñan adquirindo nas materias de primaria, e secundaria matemáticas, Educación Plástica (coas diversas denominacións nas distintas etapas) e Tecnoloxía. Inclúe exercicios que poden mostrar a situación de carencia ou dominio de distintos conceptos e procesos necesarios para aproveitar a materia de 1º Debuxo Técnico 1 . Deste xeito pódense reforzar os aspectos necesarios para proporcionar ao alumnado unha formación que lle permita proseguir sen problemas os seus estudos no segundo curso do Bacharelato.

Esta proba incluírá exercicios sobre:

- Trazados Fundamentais
- Manexo das ferramentas
- Polígonos
- Tanxencias
- Figuras isométricas
- Croquización e bosquexos
- Normalización

12. Medidas de atención á diversidade

Trala avaliación inicial do alumnado e a información facilitada polo equipo de Orientación do centro e o profesorado; consideraranse as diferentes medidas educativas de atención á diversidade que se deban levar a cabo. No caso de detectar alumnado con necesidades específicas, se traballará nas diferentes medidas posibles para adecuar os obxectivos, contidos ou metodoloxía as características de dito alumnado. Aínda que previamente non

podemos especificar estas medidas, enumeramos entre outras o reforzo educativo dentro ou fora da aula, ou as adaptacións curriculares individualizadas.

O alumnado con características específicas han de ter medidas específicas e tratadas sempre en colaboración co departamento de orientación do centro e o titor do alumno ao que se refira. A adaptación metodolóxica e curricular deles están monitorizadas regularmente, polo menos unha vez ao mes.

Alumnado con sobredotación

Elaboración de material adicional de investigación persoal profundando nas propias inquietudes do alumno, e realización de tarefas de enriquecemento axeitadas ó seu caso.

Alumnos con outras peculiaridades

En colaboración sempre có departamento de orientación do centro e trala notificación aos pais e ás nais, para que haxa unha implicación conxunta.

13. Elementos transversais

Elementos transversais:

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.
2. O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, e a pluralidade.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor; respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Neste sentido o departamento de Artes Plásticas traballará nos seguintes elementos transversais:

EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA:

A formulación de problemas pode contribuír a desenvolver actitudes de solidariedade, cooperación e respecto ás opinións e formas expresivas alleas a través do traballo en colaborativo, que se converte, así, noutro dos eixes metodolóxicos e organizativos na aula.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR:

Preténdese dotar ó alumnado de instrumentos para desenvolverse na sociedade de consumo e que adquiran unha actitude crítica ante as necesidades que se queiran crear actualmente a través da publicidade e das películas que presentan unha sociedade baseada no consumo.

EDUCACIÓN NON SEXISTA:

Nas actividades co grupo é necesario propiciar o intercambio fluído de papeis entre alumnos e alumnas, e potencia-la participación destas nos debates e toma de decisións como mecanismo corrector de situacións de discriminación sexista. Contribuirase deste xeito, desde a propia actividade da aula, a establecer unhas relacións máis xustas e equilibradas entre as persoas.

EDUCACIÓN MULTICULTURAL:

As características da área permiten o coñecemento e a apreciación das manifestacións artísticas, tanto actuais como de outros tempos, de outras culturas distintas á nosa, tratando de que o alumnado saiba respectalas e valoralas.

14. Actividades complementarias e extraescolares

- Participación en certames convocados polo propio centro e outras institucións ou organismos culturais.
- Exposicións de traballos (en colaboración ou non con outras materias e niveis), involucrando aos alumnos en todo o proceso de organización.
- Posibles actividades de deseño e intervencións artísticas no centro.
- Charlas, obradoiros.

En xeral, estarase pendente dos posibles obradoiros que se poidan ofertar dende diferentes institucións. Ademáis intentarase participar nalgúns dos concursos de postais, carteis, marcapáxinas... nos que se nos convide a participar, ben sexa dende o concello ou dende outras institucións e levar a cabo algunha intervención artística no centro.

15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da propia programación

Dende o departamento, adicarase unha hora semanal á revisión da programación, unidades didácticas e actividades programadas e, unha vez ao mes deixarase rexistro do seguemento de dita programación así como as posibles variacións ou correccións que se fagan na mesma. Para avaliar a propia programación recurrirase a distintos medidores que poderán ser:

– Resultados das distintas avaliacións.

_ Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.

_ Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.

_ Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación contínua: probas, traballos, etc.

– Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.

Tamén se terá en conta a opinión do alumnado que poderá ser recollida nun formulario anónimo onde poidan reflexar a actuación da profesora, a claridade das explicacións, se as actividades axudan a asimilación dos contidos, que contidos necesitarían traballar máis e se consideran axeitado o sistema de avaliación e calificación.

16. Accións de contribución ao proxecto lector

- O departamento adicará un tempo mínimo de 5 minutos á lectura en cada grupo, tanto á lectura de textos continuos (expositivos, descritivos e argumentativos) como discontinuos.

- Lecturas sobre artistas: Arcimboldo, Dalí, Escher, Kandinsky, Seurat, Mark Rotkho, Juan Gris, pintura do antigo Exipto, Picasso, A. Saura, Miró, Pollock, Mondrian, Manet, Delacroix, Magritte, Miró, El Lissitzky, Marcel Breuer, Toulouse-Lautrec, Andy Warhol, Picasso...

- Lecturas sobre os medios audiovisuais, en libros, en revistas ou periódicos e en internet.
- Aprendizaxe de termos específicos da materia tanto en castelán como en galego.
- Análise da etimoloxía dos vocablos máis empregados, especialmente en Xeometría.
- Probas escritas nas que os alumnos deben dar definicións razoadas dos elementos e trazados básicos estudados.
- Participación en proxectos relacionados coas actividades da biblioteca: ilustracións para relatos, creación de libriños, deseño de portadas de CD, carteis, etc.

17. Accións de contribución ao proxecto TIC

Uso de material TIC elaborado polo departamento.

Emprego do canon de vídeo.

Plataformas dixitais coma webex.

Explicación de realización das actividades con ferramentas electrónicas se é necesario.

Publicación de materiais do curso no Aula Virtual do departamento. O uso da Aula Virtual será constante durante o curso.

O uso de ferramentas TIC para a comunicación co alumnado e familias será moi potenciado este ano, e máis aínda no caso de que cambien as condicións medicosanitarias e de presenza física no centro.

Ademáis, na aula de Debuxo temos un ordenador con conexión a internet e un canón dixital. Isto permite tratar os contidos con frecuentes proxeccións, tanto de imaxes (reproducións de obras de arte, deseños, arquitectura, audiovisual, etc) coma de presentacións preparadas especialmente para ampliar os temas tratados. Asemade, usamos a miúdo a conexión a internet para consultar contidos en páxinas web ou en documentais colgados na rede. Ademais de enriquecer o tratamento dos contidos, resulta moito máis atractivo para o alumnado.

Ó longo do curso fomentamos o emprego das TIC por parte do alumnado en relación a: Búsqueda de información sobre conceptos, artistas e centros expositivos.

18. Accións de contribución ao plan de convivencia

Seguiranse as pautas tratadas nas reunións de claustro e outras do centro, tendo en conta as recomendacións xerais da equipa de convivencia e a intervención de dita equipa se fora necesario. A norma xeral é non fagas aos outros o que non quixeras que che faceren, e fai aos outros o que che gustaría para ti.

Concretamente, o departamento contribuirá ao plan de convivencia do centro cos seguintes obxectivos:

1. Educar ó alumnado para a convivencia democrática, incorporando na práctica docente contidos relacionados coa convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
2. Educar no respecto á liberdade de conciencia e de conviccións relixiosas e morais, preservando a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
3. Cumprir e facer cumprir as normas de convivencia do centro, no ámbito da súa competencia.
4. Fomentar un clima positivo de convivencia no centro, na aula e durante as actividades complementarias e extraescolares.
5. Manter a orde e poñer en coñecemento dos órganos competentes as condutas que alteren a convivencia.
6. Informar ás familias das cuestións que puidesen afectarlles, dos incumprimentos das normas de convivencia por parte dos seus fillos e das medidas disciplinarias tomadas ó respecto.
7. Controlar as faltas de asistencia e retrasos dos alumnos, informando ós titores segundo o procedemento aprobado no noso centro.

19. Información ao alumnado e ás familias

A información referente á metodoloxía, avaliación e materiais comunicaráselle ao alumnado persoalmente polo xefe de departamento nas primeiras sesións da materia en cada grupo e deberán tomar nota da mesma e tela presente ao longo de todo o curso.

Ademáis, a programación estará a disposición das familias e alumnado na páxina web do centro e na Aula Virtual de cada curso.